



Acto informativo con empresas proveedoras do Servizo Galego de Saúde

Día:

13 de xuño de 2017

Lugar de realización:

Salón de actos. Edificio da Consellería de Sanidade, San Lázaro s.n. Santiago de Compostela.

Obxectivos:

O Servizo Galego de Saúde está a desenvolver na actualidade importantes proxectos no ámbito das compras e a loxística do sistema sanitario público. Nalgúns deles máis que de proxectos pódese falar de realidades.

Os proxectos fan referencia a tódalas fases do ciclo de compras e a cadea loxística dos produtos sanitarios e non sanitarios: o catálogo de produtos, as compras, o sistema loxístico, a xestión de implantas, a codificación comercial, o intercambio electrónico de datos, etc.

O obxectivo do acto é informar os provedores destes proxectos e buscar aquelas sinerxías co mercado que permitan un desenvolvemento eficaz dos mesmos. Así mesmo, atenderanse todas aquelas dúbidas e consultas que as empresas teñan respecto ao seu desenvolvemento.

Con este acto, ao que se convida a todos os provedores de produtos sanitarios e non sanitarios e ás súas asociacións representativas e sectoriais, o Servizo Galego de Saúde busca unha maior transparencia, colaboración, eficiencia e sustentabilidade na súa cadea de compras e loxística.

Programa:

9.30-10.00 hs

Presentación do acto.

Jesús Vázquez Almuiña, Conselleiro de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia e Presidente do Servizo Galego de Saúde

María Jesús Piñeiro Bello, Directora Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

Alberto Baz López, Subdirector Xeral de Compras e Servizos do Servizo Galego de Saúde.

10.00-11.00 hs

A transparencia nas compras do Servizo Galego de Saúde: do principio aos instrumentos.

Inmaculada Tomás Sánchez, Xefa de Servizo de Contratación do Servizo Galego de Saúde

Pasarase revista aos distintos instrumentos que ten o Sergas para concretar o principio de transparencia: perfil do contratante, web do Sergas, oficina virtual do proveedor, plans de compras, información sobre as adjudicacións, consultas preliminares de mercado, etc. Farase tamén un repaso aos principais problemas que se expoñen nas contratacións de produtos sanitarios e non sanitarios (p. e. solvencias, cobertura do DEUC, xustificación das baixas temerarias, etc.).



11.00-12.00 hs

O Catálogo de Produtos do Servizo Galego de Saúde: para que serve, como funciona e en que afecta ás compras e loxística coas empresas.

Yolanda Funes, Catálogo Central de Produtos do Servizo de Aproveitamento do Servizo Galego de Saúde

Mostrarase como funciona e para que serve o Catálogo de Produtos do Sergas. Que cousas se fan a través das EOXIs e cando as empresas poden e deben dirixirse directamente á Unidade de Catalogo, etc. Mostraranse os servizos que se ofrecen a través da Oficina Virtual do Provedor e as operacións que se poden facer.

12.00-12.30 hs **Descanso**

12.30-13.30 hs

O sistema loxístico do Servizo Galego de Saúde: unha realidade que progresa.

Eugenio Rossignoli, Director da Plataforma Loxística de Galicia, Severiano Servizo Móvil

M^a Dolores Lorenzo, Xefa de Servizo de Aproveitamento do Servizo Galego de Saúde

Farase unha presentación de como funciona a Plataforma Loxística do Sergas e dos proxectos que se van a poñer en marcha e que afecten as empresas provedoras (p. e. armarios RFID). Tamén se presentarán os sistemas de información dispoñibles para facer un seguimento da calidade loxística dos provedores (p. e. rexistros incidencias).

13.30-14.30 hs

Codificación comercial e intercambio electrónico de datos no sistema de compras e loxística do Servizo Galego de Saúde.

Ferrán Domenech, Responsable de Implantación de Estándares GS1 de AECOC

Begoña Vilela, Servizo de Aproveitamento do Servizo Galego de Saúde

Farase unha presentación sobre os sistemas de codificación comercial GS1 e de Intercambio Electrónico de Datos (EDI) no sector sanitario e dos cambios que nas esixencias de trazabilidade se van producir nun futuro próximo. Respecto ao Sergas farase unha presentación do estado actual das políticas que sobre codificación comercial e intercambio electrónico (formatos con códigos GTIN, n.º de pedidos EDI que se fan, os problemas que hai, incentivos que se están facendo nas contratacións, etc.). Tamén se informará dos proxectos que se van a poñer en marcha para implantar as transaccións electrónicas de forma global.

16.30 hs

Visita ás instalacións da Plataforma Loxística do Servizo Galego de Saúde.

Aquelas empresas que desexen visitar a plataforma loxística deberán enviar un correo a controlaccesos.plg@serviciomovil.com coa súa razón social, as persoas que queren visitala e un teléfono de contacto. A visita durará aproximadamente entre 45-60 minutos.

A Plataforma Loxística do Sergas está en Parque Empresarial de Negreira (Parcelas 1 e 2), Lugar de Covas, 15830 Negreira (A Coruña). Coordenadas GPS 42º 54' 59" N 08º 44' 40" W.

Observacións:

O acto é aberto e non precisa de inscrición. O salón de actos ten unha capacidade para 184 persoas. Prégase puntualidade.